

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020143	de Poio	Poio	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1334	Guía de bicicleta	2022/2023	6	160	192

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

<b>Profesorado asignado ao módulo</b>	CARLOS BESADA RICO, LAURA MARÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, ROBERTO MARTÍNEZ TRIGO (Subst.)
<b>Outro profesorado</b>	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación baséase no Real decreto 402/2020, do 25 de febreiro, polo que se establece o título de Técnico en Guía no medio natural e tempo libre e se fixan os aspectos básicos do currículo. Todo o referido ó perfil profesional, competencia xeral, relación de títulos e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e perspectiva da titulación no sector ou sectores son os establecidos no Real decreto 402/2020, do 25 de febreiro.

A relación de módulos profesionais, así como os seus correspondentes resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación, contidos e pautas pedagóxicas que conforman o presente currículo son os establecidos no anexo I desta orde.

O currículo deste ciclo formativo integra os aspectos científicos, tecnolóxicos e organizativos das ensinanzas establecidas para conseguir que o alumnado adquira unha visión global dos procesos produtivos propios do perfil profesional do Técnico Guía no medio natural e de tempo libre.

Neste módulo preténdese que o alumnado coñeza os elementos básicos da mecánica da bicicleta e as estratexias para a organización de rutas en bicicleta con diferentes obxectivos, que van dende o aspecto puramente recreativo, ata as rutas deportivas ou turísticas, dándolle especial importancia á organización de rutas ciclistas.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	¿Cómo iniciarme na bicicleta de montaña?	Aprenderedes a seleccionar, adaptar, poñer a punto a bicicleta para cada saída, normas de circulación vial e mellorar o desempeño físico sobre a bicicleta.	24	15
2	Técnicas básicas de conducción da BTT	Traballaredes as técnicas necesarias para a conducción segura da bicicleta en distintos terreos.	24	15
3	Conducción de grupos en bicicleta de montaña.	Ides guiar e dirixir un grupo ou grupos nun itinerario de bicicleta ou nunha sesión práctica.	48	25
4	Reparacións básicas.	Seredes capaces de reparar as avarías mais frecuentes durante as rutas.	18	10
5	Mantemento e mecánica avanzada.	Desmontaredes e montaredes os compoñentes da bicicleta, así como, faremos o mantemento básico dos elementos susceptibles de desgaste.	30	15
6	¿Ónde estou?	Seredes capaces de situarvos no mapa e o gps e seguir unha ruta establecida.	18	10
7	Primeiros auxilios na montaña.	Coñeceredes os protocolos de actuación ante un accidente en bicicleta e as normas de seguridade e prevención de accidentes.	15	5
8	Organización de itinerarios.	Seredes capaces de planificar un itinerario e facer a valoración final deste.	15	5

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	¿Cómo iniciarme na bicicleta de montaña?	24

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO
RA3 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios en bicicleta, adaptando as técnicas de condución ás características do terreo e das persoas participantes	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos para a preparación de actividades por itinerarios en bicicleta
CA1.3 Seleccionáronse a bicicleta e o material necesario para a ruta
CA1.4 Realizáronse os axustes necesarios na bicicleta, para a adaptar á persoa usuaria e conseguir a ergonomía adecuada
CA2.1 Caracterizáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta e a súa funcionalidade
CA2.4 Realizouse o protocolo de revisión de bicicletas previa á práctica
CA2.7 Efectuáronse as operacións de limpeza e de engraxamento da bicicleta seguindo as pautas establecidas
CA2.9 Realizáronse as accións de mantemento preventivo seguindo as instrucións establecidas polo fabricante
CA3.8 Analizouse a normativa de circulación sintetizando as normas referentes á utilización de bicicletas
CA3.9 Circulouse por contorno urbano respectando o código de circulación
<a href="#">0CA3.10 Circulouse en grupo respectando as normas de circulación</a>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
<a href="#">Aplicacións informáticas para calcular a talla e xeometría da bicicleta</a>
Kit de ferramentas e recambios para ruta.
Almacenamento e transporte do material e das bicicletas.
Indumentaria persoal e material complementario.
Ergonomía. Bikefit. Adaptación á persoa usuaria. Regulación de elementos móbiles.
Avituallamento. Necesidades enerxéticas e de hidratación.
A bicicleta: partes e compoñentes básicos. Historia da bicicleta. Tipos de bicis e modalidades de práctica.

**Contidos**

Almacenamento da bicicleta. Posición de repouso para a transmisión.

Transporte da bicicleta. Tipos de portabicicletas. Remolques específicos.

Limpeza e lubricación.

Normas de seguridade no taller e traballo con ferramenta específica.

Normas de organización no taller.

Mecánica e tipos de bicicleta.

Talles e xeometrías. Elección do talle acaído.

Tallas nas bicicletas de carretera (CA 1.3)

Tallas nas bicicletas de montaña (CA 1.3)

Protocolo de revisión da bicicleta previa á práctica.

Pezas e compoñentes da bicicleta. Montaxe e desmontaxe dos compoñentes da bicicleta.

Normativa de circulación en bicicleta. Regulamento xeral de circulación.

Normas de circulación en grupo ciclista (CA3.10)

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Técnicas básicas de conducción da BTT	24

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios en bicicleta, adaptando as técnicas de conducción ás características do terreo e das persoas participantes	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.3 Explicáronse as técnicas de conducción que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, ás pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
CA3.3.1 Explicáronse as técnicas de conducción según o terreo, ás pendentes e á presenza doutros usuarios.
CA3.3.2 Identificouse o nivel de competencia da persoa usuaria.
CA3.3.3 Identificouse a dificultade técnica e física da ruta.
CA3.4 Demostráronse as técnicas de conducción que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, ás pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
CA3.5 Manexouse a bicicleta de xeito seguro e eficaz por terreo variado ata media montaña

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Manobras de montar e desmontar da bicicleta en marcha e en parado.
Valoración dos itinerarios por tramos.
Determinación da dificultade física e técnica dunha ruta.
Determinación do nivel de competencia da persoa usuaria nas técnicas básicas de conducción. Niveis de adquisición do dominio técnico. Erros na execución técnica e na aplicación do esforzo. Criterios de valoración. Síntomas de fatiga.
Técnicas avanzadas. Superación de obstáculos con elevación de roda dianteira e/ou traseira, desprazamento lateral simultáneo ou consecutivo de ambas rodas. Saltos. Bunny-hop.
Cambio de velocidades e modificación do desenvolvemento en diferentes situacións. Pautas básicas de manexo do cambio.
Deseño de circuitos de habilidade en bicicleta. Enfoque recreativo e valoración do nivel técnico das persoas participantes.
Accións técnicas por terreos variados.
Técnicas de equilibrio.
Superación de obstáculos.
Freadas.
Ascenso e descenso de pendentes.
Curvas e trazadas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Conducción de grupos en bicicleta de montaña.	48

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios en bicicleta, adaptando as técnicas de conducción ás características do terreo e das persoas participantes	NO
RA6 - Avalía as rutas en bicicleta e analiza os datos compilados	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Recolleuse a información para valorar o perfil, o nivel técnico e a experiencia das persoas participantes
CA3.2 Proporcionouse información sobre as características e os puntos de interese do itinerario, o uso do material e as normas de actuación relacionadas coa seguridade e co respecto polo medio natural
CA3.6 Estableceuse o ritmo de marcha adecuado á actividade e ao grupo
CA3.7 Adecuáronse os trazados ás dificultades do terreo e ás características das persoas participantes e dos vehículos
CA6.1 Elaboráronse fichas de avaliación da actividade
CA6.2 Recolléronse datos sobre a actuación dos/das guías e as reaccións do grupo na actividade
CA6.3 Rexistráronse as incidencias relativas á actividade, á seguridade e aos tempos previstos
CA6.5 Xustificouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados nas rutas
CA6.6 Cubriuse a ficha de valoración da actividade segundo o programa desta
CA6.7 Propuxéronse medidas correctoras dos desaxustes detectados
CA6.8 Elaborouse un informe sobre a actividade realizada
CA6.9 Elaborouse documentación dixital e/ou impresa sobre un itinerario en bicicleta

**4.3.e) Contidos**

Contidos
<p>Consignas técnicas e de seguridade.</p> <p>Información que cómpre transmitir ás persoas participantes sobre o itinerario.</p> <p>Solucións en caso de posibles incidencias.</p> <p>Adaptación da ruta e do material a persoas con diversidade funcional. Bicicleta tándem. Handbike. Triciclo.</p> <p>Procedementos de conducción de grupos en bicicleta. Presentación dos/das guías e da actividade ao grupo. Adaptación, comprobación e distribución do material. Distribución, organización e control do grupo. Directrices dos agrupamentos e ubicación das persoas participantes. Transmisión de normas e procedementos en ruta e en estrada. Instrucións durante a actividade.</p> <p>Respecto polo medio natural.</p>

**Contidos**

Fichas de control de valoración da actividade: tipos.

0Elaboración de trípticos de actividade. Información de interese e edición do contido.

Publicación de rutas en aplicacións específicas de internet.

Procedementos de toma de datos no desenvolvemento da actividade.

Compilación de información.

Modelos de valoración da dificultade física e técnica dunha ruta.

Análise da actividade, do grupo e dos/das guías, e valoración respecto ao programa.

Documentos de avaliación.

Elaboración de rexistros sobre comportamentos do grupo, actuacións do/da técnico/a ou guía, incidencias e axuste aos tempos previstos, incidencias que afecten a seguridade do desenvolvemento das actividades, e estimación do grao de seguridade da actividade.

Adecuación dos equipamentos e os materiais utilizados na actividade guiada en bicicleta.

Elaboración de informes sobre a actividade. Propostas de medidas correctoras e de melloras na programación.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Reparacións básicas.	18

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Realizáronse os axustes necesarios na bicicleta, para a adaptar á persoa usuaria e conseguir a ergonomía adecuada
CA2.5 Diagnosticáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.6 Arranxáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.7 Efectuáronse as operacións de limpeza e de engraxamento da bicicleta seguindo as pautas establecidas
CA2.8 Utilizáronse as ferramentas específicas na reparación e no mantemento da bicicleta
CA2.8.1 Identifícanse as ferramentas para a reparación de bicicletas
CA2.9 Realizáronse as accións de mantemento preventivo seguindo as instrucións establecidas polo fabricante

**4.4.e) Contidos**

Contidos
0Reparacións básicas e de emerxencia.  Mantemento preventivo da bicicleta. Revisión do cadro, axuste de dirección, cambio de cables, centraxe e regulación de freos, estado das zapatas ou pastillas, tensión dos cables e regulación de cambios, centraxe de rodas, comprobación de desgaste da cadea, suspensións e amortecedores. Mecánica básica. Reparación de picadas e cambio de cámara, reposición de líquido selador, cambio de cubertas, cambio de pedais, axuste de dirección, reparación ou cambio de cadea, cambio de cables, axuste do cambio, substitución de zapatas e axuste de freo, cambio de pastillas e centraxe de pinza de freo. Zonas dun taller de bicicletas. Equipamento básico do taller, ferramentas e repostos. Materiais e produtos específicos.  Pezas e compoñentes da bicicleta. Montaxe e desmontaxe dos compoñentes da bicicleta.  Detección de avarías e reposición de pezas e compoñentes.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Mantemento e mecánica avanzada.	30

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO
RA5 - Dirixe o grupo en situacións de emerxencia, coordinando os recursos e as medidas de seguridade, e aplicando técnicas de rescate e evacuación en rutas en bicicleta	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta e a súa funcionalidade
CA2.2 Cambiáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta, e o material de reparación deteriorado, mantendo os criterios de eficacia recomendados
CA2.3 Desmontáronse e montáronse os elementos básicos da bicicleta, utilizando as ferramentas específicas
CA2.8 Utilizáronse as ferramentas específicas na reparación e no mantemento da bicicleta
<b>CA2.8.1 Identifícanse as ferramentas para a reparación de bicicletas</b>
CA5.8 Previuse a actuación ante unha avaría mecánica irreparable durante a ruta

**4.5.e) Contidos**

Contidos
A bicicleta: partes e compoñentes básicos. Historia da bicicleta. Tipos de bicis e modalidades de práctica.
Mantemento preventivo da bicicleta. Revisión do cadro, axuste de dirección, cambio de cables, centraxe e regulación de freos, estado das zapatas ou pastillas, tensión dos cables e regulación de cambios, centraxe de rodas, comprobación de desgaste da cadea, suspensións e amortecedores.
Mecánica avanzada. Purga de freos, centraxe de roda, axuste de buxeiros, tubelizado de roda, e mantemento de forquita.
Pezas e compoñentes da bicicleta. Montaxe e desmontaxe dos compoñentes da bicicleta.
Detección de avarías e reposición de pezas e compoñentes.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	¿Ónde estou?	18

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Oriéntase no medio natural e identifica os puntos de referencia por medio de instrumentos, mapas e indicios naturais	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Utilizáronse instrumentos, mapas e indicios naturais para se orientar en todos os tipos de condicións ambientais de montaña
CA4.2 Interpretáronse o mapa, o libro de rutas ou o GPS durante o itinerario sen interferir no ritmo da ruta
CA4.4 Realizáronse itinerarios alternativos ante tramos con dificultade e perigo, seguindo criterios de seguridade

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Lectura e interpretación de guías, mapas, descrições de rutas e libros de ruta.
Identificación de puntos de referencia significativos do itinerario.
Identificación da ruta sobre o terreo.
Seguimento de rutas e tracks con GPS ou teléfono intelixente.
Ubicación e localización de waypoints sobre a ruta con GPS.
Identificación de itinerarios alternativos sobre o mapa e sobre o terreo.
<b>Identificación de itinerarios alternativos sobre o terreo</b>
A orientación deportiva en bicicleta: MTBO.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Primeiros auxilios na montaña.	15

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Dirixe o grupo en situacións de emerxencia, coordinando os recursos e as medidas de seguridade, e aplicando técnicas de rescate e evacuación en rutas en bicicleta	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Definiuse o protocolo en casos de perigo ou accidente
CA5.2 Demostráronse as técnicas de aproximación e de evacuación en caso de accidente
CA5.3 Detállouse a información necesaria aos grupos de rescate
CA5.4 Detalláronse os sinais de socorro
CA5.5 Sinalizouse a zona de rescate
CA5.6 Realizáronse técnicas de transporte de persoas accidentadas
CA5.7 Simuláronse as adaptacións ao medio en caso de fenómenos atmosféricos perigosos
CA5.9 Prevíronse as actuacións dos/das guías e do grupo en caso de necesidade de evacuación dalgún compoñente do grupo

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Normas de prevención de riscos.
Protocolo de actuación en caso de accidente.
Protocolo de actuación en caso de accidente.
Sistemas de comunicación cos servizos de emerxencia. Procedementos de transmisión de datos sobre as persoas usuarias e a actividade.
Instrucións ao grupo en caso de accidente. Reagrupamento, asignación de papeis e tarefas.
Pautas de actuación ante a deterioración, a perda do material ou unha avaría irreparable.
Pautas de actuación ante un accidente.
Posta en práctica de alternativas á ruta prevista.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Organización de itinerarios.	15

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA4 - Oriéntase no medio natural e identifica os puntos de referencia por medio de instrumentos, mapas e indicios naturais	NO
RA6 - Avalía as rutas en bicicleta e analiza os datos compilados	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Detállouse a información sobre a ciclabilidade, a dificultade técnica, a distancia, o desnivel e a duración prevista da ruta
CA1.5 Determináronse as medidas necesarias para previr e resolver situacións de perigo durante o desenvolvemento do itinerario en bicicleta
CA1.6 Analizouse a normativa relacionada con actividades no medio natural e a protección ambiental que é aplicable á preparación de itinerarios en bicicleta
CA4.3 Identificouse a simboloxía propia das descrições de rutas para bicicletas
CA4.5 Elaboráronse descrições de rutas susceptibles de seren utilizadas por outras persoas usuarias
CA6.4 Detalláronse as pautas que cómpre seguir ante posibles condutas temerarias durante a actividade

**4.8.e) Contidos**

Contidos
OSistemas de comunicación. Servizos complementarios. Transporte das persoas participantes. Normativa que pode afectar a actividade. Sendeiros PR-GR. Rutas establecidas. Vías Verdes. Centros BTT. Bikeparks. Anotacións, libros de rutas, guías e outras fontes de información sobre itinerarios en bicicleta e rutas ciclables. Deseño, selección ou adaptación do itinerario en función das características do grupo e dos obxectivos da actividade. Obxectivos da ruta. Paradas e duración das fases. Determinación do material necesario e cálculo de necesidades para actividades de un día ou varios. OValoracións dos itinerarios por tramos. Determinación da dificultade física e técnica dunha ruta. OO libro de ruta para descrições de ruta en bicicleta. Recoñecemento de puntos de interese da ruta. Identificación de itinerarios alternativos sobre o mapa e sobre o terreo.



Contidos

Identificación de itinerarios alternativos sobre o mapa

Elaboración de perfís de etapa e libros de ruta.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

Ó finalizar o módulo, os alumnos deberán demostrar con suficiencia a súa capacidade para realizar as seguintes tarefas:

- Conducir e manexar con destreza a bicicleta de montaña en diferentes tipos de terreo.
- Desmontar e montar os elementos básicos da bicicleta, recoñecer as avarías mais frecuentes e facer a súa reparación.
- Elaborar itinerarios adaptados as necesidades do grupo.
- Organizar e dirixir a un grupo de clientes, dándolles as indicacións oportunas sobre manexo da bicicleta, normas de circulación, ética do ciclista de montaña, aspectos de técnica e normas básicas de seguridade a respetar.
- Valora-la necesidade de estar en bo estado de acondicionamento físico para a práctica de actividades con bicicleta no medio natural.

Criterios de cualificación: - Probas prácticas-----30% (Test-Probas conducción-Guiaxe)

- Proba mecánica-----20% (Exame práctico de mecánica)
- Participación activa-20% (Participación activa nas sesións)
- Probas escritas-----30% (Exame escrito-oral-Tarefas-Sesións)

- É necesario obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica (probas prácticas, mecánica, participación activa) para poder superar o módulo.

Na avaliación final ou exame final os criterios de cualificación serán:

- Probas prácticas-----50% (Test-Probas Conducción-Guiaxe)
- Proba mecánica-----25% (Exame práctico de mecánica)
- Probas escritas-----25% (Exame escrito)

- É necesario obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica (probas prácticas, mecánica) para poder superar o módulo.

- Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final con mais dun 5, a proba será un exame escrito, unha proba práctica de mecánica e unha proba práctica de conducción e guiaxe.

- Os alumnos con incapacidade temporal deberán de asistir igualmente a clase e realizar as tarefas asignadas mentras os compañeiros están en ruta. Estas actividades serán parte da avaliación de ditos alumnos. Puntuarán dentro do apartado de Participación activa, sendo como máximo o 50% deste apartado.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superen algún dos apartados (Teórico/Práctico) dunha avaliación terán que facer as actividades de recuperación propostas:

- Participación activa nas sesións prácticas.
- Diario de sesións.
- Traballo monográfico.
- Elaboración de fichas.
- Probas teóricas ou prácticas de recuperación.

Os alumnos que suspendan mais dunha avaliación e non a recuperen terán que presentarse ó exame final que estará formado por tres apartados: proba teórica-proba de mecánica-proba de guiaxe.

Os alumnos co módulo pendente e pasen a 2º curso deberán asistir unha vez o mes para realizar as actividades de recuperación correspondentes, ata completar tres asistencias mais unha cuarta para facer o exame extraordinario de decembro. As actividades de recuperación serán:

- Traballo monográfico sobre algún contido teórico.
- Proba de mecánica.
- Proba práctica baseada na elaboración dun itinerario e posta en práctica deste (guiaxe).
- Proba teórica.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Os alumnos con perda da avaliación continua terán unha proba extraordinaria en xuño que constará de tres apartados:

- Proba teórica sobre os contidos conceptuais do módulo.
- Proba de mecánica sobre aspectos de mecánica e mantemento da bicicleta.
- Proba práctica baseada na elaboración dun itinerario e posta en práctica deste (guiaxe).

Os criterios de cualificación serán os mesmos que na proba final ordinaria.

Os alumnos e alumnas con perda de dereito de avaliación continua poderán ser excluídos das sesións de práctica (saídas- traballo de mecánica- traballo de técnica) se supoñen un risco para eles mesmos, para os compañeiros ou profesor, ou se interfiren no desenvolvemento normal das sesións.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A avaliación da programación e da práctica docente consistirá en realizar un "exame" da propia acción docente o que implicará avaliar:

- Os criterios de avaliación, os obxectivos, contidos, os instrumentos de avaliación.
- As extratexias pedagóxicas, actividades e tarefas plantexadas.

O procedemento para realizar o seguimento da programación será a través de Métodos de observación: Rexistros anecdóticos e Diario do profesor onde se irán rexistrando datos dando resposta a preguntas tales como: ¿Qué é o que quería ensinar? ¿Logrei os obxectivos? ¿Foron útiles os materiais utilizados? ¿A organización foi adecuada? ¿Houbo algunha incidencia? ¿Cambiei algo do plan inicial, os cambios foron para mellor? ¿Qué parte da sesión, unidade didáctica foi mellor? ¿Os alumnos participaron activamente? ¿Qué lles gustou mais? ¿Qué aprenderon coas sesións-unidades didácticas? ¿Qué aspectos rexeitaron? ¿Qué cambios se poderían facer a mellor na práctica docente?

E a través de Cuestionarios, para avaliar a práctica docente, que se lle pasarán ós alumnos ó finalizar cada avaliación e respostarán preguntas tales como: ¿As clases son sinxelas de seguir? ¿Síntome motivado co módulo? ¿A labor docente é adecuada? ¿Gústalle a materia ó profesor? ¿O profesor é cercano, empático e conecta cos alumnos? ¿O profesor demostra os coñecementos e competencia adecuada para ensinar este módulo? ¿Utiliza unha metodoloxía axeitada e adaptada ós alumnos? ¿A avaliación é xusta e cun nivel adecuado ós contidos tratados?



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nos primeiros días de clase faremos unha serie de actividades para establecer o nivel de partida:

- O primeiro día de clase faremos a presentación individual de cada alumno para coñecer datos persoais como: Nome, procedencia, idade, estudos, deportes que practica, motivacións que os levaron a matricularse neste ciclo e expectativas ó rematar o ciclo.
- Proba inicial escrita sobre aspectos específicos do módulo e relacionados coa bicicleta de montaña e coas actividades na natureza.
- Proba inicial de condución e manexo da bicicleta: Test de Pauwels.
- Proba inicial de técnica en monte para avaliar o nivel de condución, en subida y baixada, en terreo natural.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aqueles alumnos que o necesiten realizaranse os reforzos necesarios para alcanzar os mínimos esixibles. A nivel práctico axustaremos o ritmo de progresión coa bicicleta, faremos traballo de técnica en pista e traballo individualizado en mecánica.

As incapacidades temporales deberán ser xustificadas con certificados médicos no que conste que tipo de actividades físicas non poden realizar e durante canto tempo. Estes alumnos deberán de asistir igualmente a clase e realizar as tarefas mentras os compañeiros están en ruta. Estas actividades serán parte da avaliación de ditos alumnos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Traballaremos a educación en valores en todas en cada unha das unidades didácticas, de forma máis concreta profundizaremos no ámbito da Educación e Seguridade Vial e en todo o relacionado co Respeto ó Medio Natural.

De xeito transversal tocaremos aspectos tales como:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En primeiro lugar animarase ó alumnado a participar nos campionatos deportivos do centro e en todas as actividades complementarias dentro do Plan de Vida activa e Saudable: Festivais deportivos, rutas de sendeirismo, Magosto activo, etc.

Ó final do segundo e terceiro trimestre faremos unha ruta en bicicleta de todo o día e, ó finalizar o terceiro trimestre, unha saída con pernocta para facer algún tramo do Camiño de Santiago, Padre Sarmiento ou outra ruta que se adapte ás características do grupo.

Faremos saídas en horario lectivo ó entorno natural próximo ó centro para poder levar a cabo gran parte dos contidos do módulo. Así, os espazos que frecuentaremos son:

- Monte Castrove e A Escusa: Campo de golf de Meis, Armenteira, Río Mouro, Samieira, Variante espiritual Camiño de Santiago, Petroglifos
- Entorno de Pontevedra: Río Lérez, Río dos Gafos, A Barosa, Camiño de Santiago Portugués, monte Tomba.
- Parque da Memoria da Seca.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Adaptación á docencia non presencial

No caso de ter que facer docencia non presencial daremos prioridade aqueles aprendizaxes que se poidan traballar e avaliar a distancia. Todos os contidos relacionados co "Saber" ou conceptuais se tratarán seguindo a programación a través da Aula Virtual e da plataforma oficial da Consellería de Educación (Cisco Webex).

En caso dos resultados de aprendizaxe mais relacionados coa práctica, por exemplo guiaxe dun grupo, pediranse supostos prácticos por escrito, gravacións resolvendo cuestións de mecánica, demostración de facer ruta en bicicleta de montaña a través de Apps como Relive, Strava, Wikiloc, etc